



INSCRICIÓN NO REXISTRO GALEGO DE CENTROS ADHERIDOS Ó SISTEMA DE XESTIÓN E AUDITORÍA MEDIOAMBIENTAL

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 20 de xullo de 2021 a entidade TERMINALES MARÍTIMOS DE GALICIA, S.L. co CIF B15516933, con sede en Peirao de San Diego s/n - 15006 A Coruña (A Coruña), solicitou a súa inscrición no Rexistro Galego de Centros Adheridos ó Sistema de Xestión e Auditoría Medioambiental para os seus centros de Peirao de San Diego s/n (A Coruña) e Peirao do Cerramento Norte de Fernández Ladreda (Ferrol).

Segundo.- Coa solicitude de inscrición no Rexistro Galego de Centros Adheridos ó Sistema de Xestión e Auditoría Medioambiental, achega copia da declaración ambiental validada por LLOYD'S REGISTER QUALITY ASSURANCE ESPAÑA, S.L., con data 14.07.2021, e os anexos VI e VII do Regulamento (CE) nº 1221/2009 do Parlamento Europeo e do Consello de data 25 de novembro de 2009 relativo á participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais (EMAS), modificado segundo o Regulamento (UE) 2017/1505 e o Regulamento (UE) 2018/2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A competencia para a inscrición no Rexistro Galego de Centros Adheridos ó Sistema de Xestión e Auditoría Ambiental corresponde a esta Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 7 e seguintes do Decreto 185/1999, do 17 de xuño, polo que se establece o procedemento para a aplicación, na Comunidade Autónoma galega, dun sistema voluntario de xestión e auditoría ambiental e no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.





SEGUNDO.- Para a presente inscrición seguiuise o procedemento establecido no artigo 13 do Decreto 185/1999, do 17 de xuño, polo que se establece o procedemento para a aplicación, na Comunidade Autónoma galega, dun sistema voluntario de xestión e auditoría ambiental.

TERCEIRO.- TERMINALES MARÍTIMOS DE GALICIA, S.L., queda sometido ao cumprimento das obrigas establecidas no devandito Decreto 185/1999, e no Regulamento (CE) nº 1221/2009 do Parlamento Europeo e do Consello de data 25 de novembro de 2009 relativo á participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais (EMAS) modificado segundo o Regulamento (UE) 2017/1505, e o Regulamento (UE) 2018/2026, e demais normativa de aplicación.

Neste senso indicar que o centro que se inscribe no Rexistro por medio da presente resolución debe cumprir coa lexislación ambiental, podendo, no caso contrario, esta Dirección Xeral proceder á cancelación ou suspensión da inscrición.

Vistos os preceptos citados e demais de pertinente aplicación,

RESOLVO

Inscribir, co n.º ES-GA-000410, aos centros: Peirao de San Diego s/n (A Coruña) e Peirao do Cerramento Norte de Fernández Ladreda (Ferrol), da entidade TERMINALES MARÍTIMOS DE GALICIA, S.L. co CIF B15516933, con sede en Peirao de San Diego s/n - 15006 A Coruña (A Coruña), no Rexistro Galego de Centros Adheridos ó Sistema de Xestión e Auditoría Medio Ambiental, con alcance para actividades de “Servizo portuario de manipulación de mercancías: carga, descarga, estiba, desestiba e transbordo de mercancías de buques. Servizos comerciais de almacenamento e carga e descarga de camións e vagóns”.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no prazo dun mes, de acordo co disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

Santiago de Compostela, asinado na data da sinatura electrónica

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Sagrario Pérez Castellanos

(asinado electrónicamente)





TERMINALES MARÍTIMOS DE GALICIA, S.L.

Peirao de San Diego s/n
15006 A Coruña
(A Coruña)

ASUNTO: NOTIFICACIÓN DA INSCRIPCIÓN NO REXISTRO GALEGO DE CENTROS ADHERIDOS AO SISTEMA DE XESTIÓN E AUDITORÍA MEDIO AMBIENTAL

Con data 23 de xullo de 2021, a Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ditou a resolución pola que se inscribe, co n.º ES-GA-000410, aos centros: Peirao de San Diego s/n (A Coruña) e Peirao do Cerramento Norte de Fernández Ladreda (Ferrol), da entidade TERMINALES MARÍTIMOS DE GALICIA, S.L. co CIF B15516933, con sede en Peirao de San Diego s/n - 15006 A Coruña (A Coruña), no Rexistro Galego de Centros Adheridos ó Sistema de Xestión e Auditoría MedioAmbiental, con alcance para actividades de “Servizo portuario de manipulación de mercancías: carga, descarga, estiba, desestiba e transbordo de mercancías de buques. Servizos comerciais de almacenamento e carga e descarga de camións e vagóns”.

Santiago de Compostela, asinado na data da sinatura electrónica

Xefe de Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos

Manuel Díaz Cano

(asinado electrónicamente)

